

OS LIBROS QUE NOS UNEN LAUDATIO A PACO MARTÍN

THE BOOKS THAT UNITE US. LAUDATIO FOR PACO MARTÍN

Alejandro Tobar Salazar

Hugin e Munin

Asociación Galega de Profesionais da Tradución e da Interpretación

Non conservo, para a miña desgraza, o primeiro correo electrónico que crucei con Paco. Cabería datalo, sospeito, haberá uns vinte e tres ou vinte e catro anos. Con todo, coñecemos dende ben antes de que a correspondencia virtual se impuxese no día a día. En concreto, Paco e eu temos trato des que eu era un petís e el un home fraco, discreto e observador de corenta e tantos anos; ese trato incipiente noso collería un certo pouso corrido o tempo, nos últimos 90, os da miña adolescencia, e impregnaríase coas vistosas tinturas da amizade mutua e da admiración —de min cara a el— máis ou menos á par da primeira e crucial relectura que fixen da súa obra mestra: *Das cousas de Ramón Lamote*. Aquilo cadrou co cambio de milenio; ano arriba, ano abaixo. Secasí, o que non ten dúbida é que foi por maio de 2011 cando lle enviei un breve correo electrónico intitulado “Texto do encomio”. Nel, dicíalle:

Ola, Paco. Velaí che vai a primeira versión da *laudatio* que dende a Asociación de Escritores en Lingua Galega me piden que che faga. Está pensada para que dure arredor de doce minutos. Se queres que retire, modifique ou engada algo, dimo. Verás que deixei fóra mil historias. O que ocorre é que un encomio deste tipo, até onde me informei, seica se elabora a partir dunha anécdota (polo menos na forma clásica), e polo tanto non se trata de argallarche unha minibiografía. Amais, a min persoalmente gústame con esta extensión breve por un motivo concreto: é soportable para a audiencia. Se non gusta, pasa axiña.

E Paco, lido aquel primixenio e defectuoso documento, respondeume o día de despois:

Estou de acordo e paréceme moi ben. Soamente cómpre que corrixas unha cousa: o teu pai, Jaime Torres e mais eu xogamos á escoba ou xogamos ao tute, sen adxectivo.

Ben, son múltiples os motivos que me moveron a rescatar aquel correo para esta nova chufa do meu amigo, pero amentarei só dous. O primeiro, o feito de evidenciar que a confianza que nos profesamos vén de vello. O segundo, que a contestación de Paco permite entrever até que punto non é el de levar a auga cara ao seu rego, nin sequera coas persoas novas, por forza máis maleables. El é máis de deixar facer e equivocarse, algo que visto hoxe é de moito valorar. Se intervén para emendarlle a plana a un achegado, debe xulgar que hai unha razón de peso, poñamos por caso un erro de vulto, como foi a miña confusión entre o tute e o tute cabrón.

Falo, naturalmente, por min e só por min, pero sospeito —e case direi *sei*— que a actitude atenta pero flexible de Paco caracterizou o seu labor docente, e segue a facelo coa súa vida familiar e as súas relacións con xente moi diversa, de extracción social e xeracións igualmente dispares. Velaí, xa que logo, a súa primeira gran virtude, ao alcance de moi poucos: chamémoslle “empatía sen dirixismos”.

A segunda gran virtude xa lle viría por outro lado, e quizais sexa a tal para fiar esta loanza. En sentido estrito, sería máis ben un talento. Refírome á imaxinación. Unha imaxinación que Paco demostra, sobre todo, a por de escritura; unha imaxinación coa que envolve seguido a cidade de Lugo nun fantasioso halo de ficción. E gustaríame contar unha pequena anécdota que aínda me veu ao acordo estes días de atrás:

Lin ou escoitei que as persoas que nacen con xordeira total tenden a crear unha serie de preconceptos auditivos respecto ao mundo ao seu redor; ideas, a miúdo singulares e por veces estrafalarias, sobre que elementos, lugares e situacións producen algún tipo de son e cales non. O silencio forzoso conduce estes individuos a elucubraren, e logo pasa que, cando algún xordo entra no quirófano e sae cun implante coclear no cranio, chega a estarrecerse ao comprobar que os peidos —non todos— fan ruído, ou cando constata aflixido o perfecto mutismo dunha bóla de xeado ao se derreter.

En tan fascinante repositorio de sons imaxinados, lembro o caso dunha muller que confesou que levara unha desilusión ao saber que as nubes, ao chocaren entre si, non facían absolutamente ningún ruído. Elémbroo porque

ao escoitalo crin que era o complemento ideal para a carreira de nubes que Paco imaxinou hai corenta anos contra o final do seu *Ramón Lamote*, unha obra literaria de fronteira que insisto en citar de novo, pois para min é incompreensible que saíse dos plans de estudos.

É sabido de todos que cando un club gaña partido tras partido o seu equipo titular non se toca. O que si se debería tocar unha chisca, tamén o digo, é a maqueta. Un libro publicado en lingua galega en 1985 precisa, por forza, dun lavado de cara regular para seguir brillando coma o primeiro día a catro décadas vista. E como a pasada semana me cadrou de follealo, e como comprobei que, tirante unha pequena intervención estética en 2011, non se lle volveu meter man, aproveito para dirixirme aos meus estimados colegas de Galaxia para solicitarlles que axusten a maqueta, que fagan a pertinente edición de mesa e que, encoraxados e orgullosos, volvan pular por unha obra que calquera casa editorial, de calquera punto do globo, querría ter no seu catálogo.

Igual ca esas persoas que inventan sons imposibles ou abraian cos que durante anos consideraran improbables, Paco Martín tamén é dado a fantasiar cos espazos coñecidos e non dabondo explorados. Reitero: os atronadores cirros, estratos e cúmulos daquela muller xorda habían ser a parella de baile ideal para as súas carreiras de nubes; as crepitantes bólas de xeadado, un gorentoso petisco para o Reparante que o noso homenaxeado, coa inesestimable axuda de Xan Balboa, perfilou e puxo a andar por esta senlleira cidade do interior galego que hoxe nos acolle.

Volvo ao rego: esta segunda, a imaxinación, non é tanto unha gran virtude coma un gran talento; que a Paco lle vén de serie, xaora, pero que se preocupou por fomentar e puír, extremo que en literatura se logra a poder de lecturas, lecturas e máis lecturas, non tanto de arrancar a escribir. Para poñerlle un algo de lírica: a escritura é o piroclasto dun magma previo, máis virulento e formativo, a lectura. Por iso, quero falar dos libros que nos unen, e que talvez vos unan tamén a vós con el.

Para o efecto, levei a cabo unha pescuda pola nosa correspondencia dos últimos vinte anos e obtiven, alén dun leve rauto de nostalxia polo que agora sei que eran exfuturos, unhas duascenas mencións cruzadas a libros, autores, autoras, filmes e obras de arte en xeral, por esa orde. Gustaríame que cando menos asomen unhas poucas, as de máis relevo, porque de novo evidencian o perfil aberto, ecléctico e munífico do Paco Martín lector, capaz de conxugar rexistros de certa densidade con outros de mercado pouso popular.

Poida que sexa atribuíble a ese reservorio lector o éxito da súa escritura arbórea e rompedora en libros coma *No cadeixo* ou *Muxicas no espello*. Se callar, o que fixo de Paco un —e recorro ás súas palabras; non son miñas— “provinciano exercente” foi a súa querenza polo ritmo dos *Contos da montaña* de Miguel Torga, a quen aí atrás unha coñecida miña cualificaba de maneira un tanto inxusta como “rural e conservador”, no canto de entrañable e talentoso.

Ben, confortado por saber que nesta sala hai xente formada e lectora, andarei o camiño ás avesas: en vez de transitar do local ao universal, por unha vez farei o oposto. Confiareivos, por exemplo, que unha das miñas recomendacións literarias que mellor acolleu Paco foi o ensaio divulgativo *Unha breve historia de case todo*, de Bill Bryson (inéxito aínda hoxe en galego). “O libro de Bryson, divertidísimo. Xa llelo fixen mercar a doce persoas”, escribíame hai case quince anos.

Nunha data máis recente, hai apenas tres veráns, sei que falamos por extenso (pero nada deixamos por escrito) dos *Ensaaios* de Montaigne. E que pode haber máis universal ca Montaigne, moderno entre os clásicos, clásico entre os modernos? Nesas coordenadas é onde se move Paco Martín, a persoa.

Pero tornemos á ficción, e fagámolo cunha visita a outro par de tótems noutra lingua: a castelá. Amentemos *O Quixote*, pero por riba do *Quixote* amentemos *O Lazarillo*, do que Paco me contaba:

Lino tantas veces que a miña nai chegou a se preocupar e preguntoume que era o que alí puña que tanto me interesaba. E narreille a novela toda, identificando os personaxes coas xentes do barrio.

E o barrio digo eu que sería Recatelo. Ou Magoi. Nada menos.

Fincados logo na literatura en castelán, afondemos noutras primeiras espadas que nos puxeron aos dous a encadear correos electrónicos. Próximos, para Paco, están o valisoletano Miguel Delibes, un autor inescusable..., que ben mirado tamén encaixaría no apelativo de “provinciano exercente”, e mais a barcelonesa Ana María Matute. “Ai, moi ben escribe!”, confiábame.

Emporiso, é na outra beira do Atlántico onde realmente este señor de envexable prosodia e eu atopamos o máis sólido punto de unión. O conto “El guardagujas” do mexicano Juan José Arreola, as longas e fatigosas pero envolventes novelas do chileno Roberto Bolaño ou, sobre todo, as narracións do cubano Alejo Carpentier, quen con *El siglo de las luces* artellou

unha das novelas máis maravillosas do mundo hispano, son debilidades que compartimos.

Comentamos tamén —como non!— algunhas novelas de García Márquez e de Vargas Llosa, e espero que a Paco non lle importe que eu agora revele a súa opinión, expresada nun correo de hai dezasete anos, sobre o famoso e mal avindo par de homes de letras. Escribíame:

García Márquez é xenial. *El amor en los tiempos del cólera*, unha novela maxistral, sen dúbida. A Vargas Llosa —que é un magnífico escritor— fáltalle precisamente ese toque de certeza no que conta que ao Gabo lle sobra.

Mais deixemos estar os latinoamericanos e volvamos para Europa. Písemos o continente, previa paraxe en Gran Bretaña. Non me escapa que levo deitados xa un cantos nomes e, inxustamente, case ningún é de muller. *Mea culpa*. Traiamos por tanto unha gran figura feminina ao acordo: Anita Brookner.

Desta autora londiniense, pouco menos que obriguei a Paco a ler a novela intitulada *Os tardeiros*. E cando estaba el para acabala, escribiume: “unha obra soberbia. Non sei por que, pero vou dar unha e outra vez a *Madame Bovary*”. “Con razón”, respondiulle, e anexei o encabezamento dun artigo asinado por unha crítica norteamericana que empeza así:

Anita Brookner enriquece os seus textos con abundantes alusións directas e indirectas a novelistas considerados canónicos: Dickens, Flaubert, Stendahl, Proust, Zola, Balzac, Tolstoi...

E desoutros tamén falamos. Como falamos de James Joyce, de quen Paco me trasladaba burleiro un aforismo: “Alguén me dixo unha vez que Joyce era o irlandés arquetípico: nace en Irlanda, escribe en inglés e vive en París”.

Para ir pechando, internémonos agora na Europa continental. O *polard* francés, o mal chamado *noir* nórdico, a literatura centroeuropea de comezos do xx, as obras de Rodari para o público infantil e xuvenil, o teatro de Buero Vallejo, a literatura vasca contemporánea (coa novela *Twist*, de Harkaitz Cano, á cabeza)... Semellante amálgama de elementos espertaron en maior ou menor medida o interese do Paco lector, e serve como mostra do eclecticismo mencionado hai uns momentos. Un eclecticismo, unha amplitude de miras, que por suposto aplica tamén á literatura nacional. Nas nosas misivas electrónicas, son constantes as valoracións de obras en

lingua galega e de autoría galega: as narracións de Ánxel Fole ou de Otero Pedrayo, a poesía de Novoneyra ou de Manuel María, os variados traballos de Darío Xohán Cabana (coa énfase posta nas súas achegas en materia artúrica), destacados libros dos seus compañeiros e amigos Agustín Fernández Paz, Fina Casalderrey ou Xabier Docampo, as contribucións de Marica Campo, as de Isidro Novo, as achegas do seu benquerido Juan Farias e do para min engaiolante Luís Pimentel, mesmo obras varias de María Victoria Moreno, con que por certo eu cría que Paco coincidira durante o paso dela por Lugo, pero non tal. Así mo desmentía:

Verás, Alejandro, daquela estaba eu en Elgeta, no País Vasco, e non souben de M.^a Victoria até os setenta, primeiro polo que me dixo Alonso Montero e despois xa por ela, cando marchara para Pontevedra, e aló me levou ao instituto no que traballaba e tamén ao Colexio de cegos que dirixía o seu primeiro marido, onde mesmo fixeran unha edición do *Lamote* en braille, cousa que igual non sabías.

Non o sabía. Pero vou sabendo. Imos sabendo.

Agradézolle, pois, á Academia, e de xeito particular a Marilar Aleixandre, esta oportunidade para compartir convosco hoxe unhas pincladas sobre o Paco Martín co que a miña familia e eu mesmo temos a sorte de tratar. Oxalá unha parte destes apuntamentos sirva para completar o perfil de quen, e agora tomo prestada unha frase que lle oín en repetidas ocasións ao tradutor Xavier Senín, “non pasou de baleiro polo mundo”.

Acabo xa. Na *laudatio* que en 2011 me encargara a AELG, cualifiquei a Paco como “ecuánime, humilde e conciliador”. Agora, catorce anos despois, para unha encomenda similar que parte da RAG, coído que con dicir que é un humanista chega. Un humanista na liña do antedito Michel de Montaigne, en contraposición ao egoísmo e á barbarie, chámese esta como se chame e teña a intensidade que teña: quer caciquismo vilego, que hoxe anda á solta polas secuestradas Radio e Televisión de Galicia; quer ALTRI como tropo metonímico para calquera atentado medioambiental; quer xenocidio cometido polo Estado de Israel contra o pobo palestino, o meirande acto de deshumanización que poida haber.

Comedido pero firme, endexamais Paco calou diante de semellantes atropelos. E, como algo xa nos imos coñecendo, suxiro que o aplauso que a continuación lle habemos dedicar a este señor se deba asemade ao seu rol central na cultura galega, *Lamote* mediante, e ao seu cariz humanista e, polo tanto, á súa condición de home de paz.